


Proxecto lector 2019-2020



CEIP MESTRE VALVERDE MAYO
SANGUINEDA-MOS

INDICE

1.-Estudo previo da situación de lectura e escritura no centro	3
2.-Obxectivos para fomentar a lectura, a escritura e as Habilidades informativas.....	5
3.-Actividades dinamizadoras da lectura.....	8
4.-Horario dedicado á lectura.....	10
5.-Uso da biblioteca escolar.....	10
6.-Implicacións.....	18
➤ De todo o profesorado	
➤ Das familias	
7.-Estratexias de comprensión lectora en todas as áreas.....	18
8.-Actividades que favorezan a comprensión lectora.....	21
9.-Criterios e instrumentos de avaliación da lectura en todas as áreas.....	22
10.-Libros de lectura por niveis.....	23
11.-Uso da biblioteca escolar fóra da xornada escolar.....	23

PROXECTO LECTOR DE DENTRO.

1.-Estudo previo da situación de lectura e escritura no centro

Para partir da nosa realidade comezamos este análise pasando un cuestionario a mestres e alumnos sobre a práctica lectora no centro.


A valoración que fixemos unha vez analizadas as enquisas podemos resumila nos aspectos que sinalamos a continuación:

➤ Resultados da enquisa os alumnos

Elaborouse unha enquisa sobre os hábitos de lectura do alumnado do centro que se pasou a todos os niveis de primaria. Da análise dos resultados pódense deducir algunhas observacións interesantes, como:

- En xeral , o alumnado le polo pracer de ler, porque lle gusta ler en xeral.
- Unha minoría consulta o diccionario cando non entende unha verba.
- Non moitos len libros a maiores dos obrigatorios
- Case a metade do alumnado di que vai a biblioteca normalmente . A maiores todos teñen unha sesión semanal no seu horario para asistir a mesma co titor.
- Con respecto o tempo adicado a lectura a maioría di que le como mínimo dúas ou tres veces a semana.
- Case a totalidade di que os seus mestres fan lectura en voz alta.
- A maioría non destina o seu diñeiro a merca de libros.
- As lecturas preferidas polo alumnado son as de aventuras, seguidas de cómic. As menos as de biografías.
- Len máis libros en castelán que en galego, aínda que no centro faise a lectura colectiva nos dous idiomas


➤ Resultados da enquisa ó profesorado



- En xeral faise lectura colectiva ou individual en todas as áreas: lecturas nos libros, enunciados de problemas, esquemas e resumos, actividades de expresión oral.
- O 100% realiza actividades usando recursos de Internet, DVD, CD,...
- O 100% realiza actividades de exposición oral.
- A maioría realiza actividades de promoción da lectura utilizando a biblioteca do colexio.

-Unha minoría realizou actividades de formación relacionadas coa utilización didáctica da biblioteca.

Cada número da gráfica correspondente o da enquisa



2.-O plan lector

2.1 - Introducción - O noso plan lector

- Definimos o noso Plan Lector , como un conxunto de estratexias para a mellora da competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector no alumnado ,
- determinadas nun documento onde se articulan todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas,
- coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos,
- incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para levalo ó seu fin.

2.2 –Xustificación - Por que un plan de lectura?

- Porque a lectura foi considerada dende sempre un instrumento clave de acceso ó progreso social, cultural e económico. Neste senso, a COMPETENCIA LECTORA considérase indispensable para a IGUALDADE E A INCLUSIÓN SOCIAL.
- Porque na sociedade actual cobra maior dimensión, relevancia e valor o incorporarse o texto escrito a outros usos, medios e recursos, ó través dos medios de comunicación de masas e das novas tecnoloxías da información e da comunicación
- Porque o proceso de aprendizaxe das habilidades lectoras e escritoras intégrase en tódalas áreas e require a contribución dun contexto familiar e sociocultural axeitado, máis alá do que procuran as institucións educativas.
- Porque contribúe á sistematización; integración e coherencia das prácticas docentes, que en relación con estes aprendizaxes , desenvólvese nos centros educativos.

2.3- Accións no Currículo

- Incidir nos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e orientacións didácticas que deben ser potenciadas en cada unha das áreas e materias para contribuír ó desenvolvemento da competencia lectora e do hábito lector.
- Revisión de criterios relacionados coas estratexias axeitadas para o desenvolvemento da competencia lectora e do hábito lector.
- Revisión dos materiais e recursos utilizados para o desenvolvemento da competencia lectora e do hábito lector, na procura dunha diversificación dos mesmos e tendo en conta as posibilidades que na actualidade ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Dedicación dun tempo específico á lectura na práctica docente de tódalas áreas e materias.
- Realización de avaliacións diagnósticas que permitan ver o grao de desenvolvemento das competencias básicas implicadas no Plan Lector.

2.4- Enfoques didácticos e organización escolar

- Acordo entre o profesorado do centro sobre os instrumentos e recursos que se estimen necesarios para a adopción de decisións e actuacións colexiadas relativas ó ensino e aprendizaxe da lectura.
- Revisión da Programación Xeral Anual e das programacións didácticas das distintas etapas, ciclos, e áreas e materias, potenciando a incorporación, en ditas programacións, dos enfoques didácticos comunicativos e funcionais que permitan a formación de lectores competentes.
- Potenciación dunha formación permanente do profesorado axeitada ós fins que se sinalan neste plano de actuación . (Proxectos de mellora de formación, atencións puntuais dende o CFP, etc.)

3-Obxectivos para fomentar a lectura , a escritura e as habilidades informativas

Unha das finalidades da Educación Primaria é a adquisición das habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral e á lectura.

Os alumnos deben desenvolver hábitos de lectura.

A lectura debe traballarse en todas as áreas do currículo.

Co fin de fomentar o hábito de lectura, dedicarase un tempo diario a ela.

A lectura é un factor esencial do enriquecemento intelectual e constitúe unha actividade clave na educación por ser un dos principais instrumentos de aprendizaxe, cuxo dominio abre as portas a novos coñecementos.

A lectura estará presente en todas as áreas da Educación Primaria. Por iso, o fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora serán impulsados, non só desde as áreas de Lingua Castelá e Galega, senón a través das actividades específicas de tódalas áreas.


☐ Os **obxectivos xerais** que se pretenden lograr son os seguintes:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do contorno.


- Usar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de lecer.
- Fomentar en tódolos membros da comunidade educativa o valor e o aprecio da biblioteca como lugar de formación e de encontro, onde se desenvolve un lecer responsable
- Programar actividades de animación á lectura, utilizando diferentes textos e soportes

☐ Obxectivos específicos en canto ó alumnado:


EDUCACIÓN INFANTIL




1º e 2º



3º e 4º



5º e 6º



4.-Actividades dinamizadoras da lectura

Entre outras:

1º Trimestre

- A nosa mascota LEO dará a benvida ó novo curso escolar.
- **Ola Biblioteca:** actividade de coñecemento do espazo bibliotecario e localización dos documentos. Sesións na biblioteca para coñecer o sistema de clasificación da C.D.U. Traballaremos a formación de usuarios con xogos de pistas, buscas de libros, ... daremos preferencia neste trimestre ás actividades que favorezan o coñecemento da biblioteca e o uso dos recursos que se poden atopar nela.
- **Celebrar o día internacional da tradución** : damos a benvida a biblioteca con carteis en distintos idiomas.
- Entrega do **carne lector** os/as 25 novos/as alumnos/as.
- Desenvolver o PDI elixido a proposta do equipo da biblioteca escolar.
- Crear **recuncho literario na biblioteca**.
- Continuar co asesoramento ás familias no **RINCÓN DE PAIS E NAIS** , onde se ofertaran libros, revistas e artigos para a educación dos seus fillos.
- Elaboración de folletos con consellos para que os pais e nais saiban como ler cos seus fillos e os axuden no fomento da lectura.
- Ofertar ós nenos e nenas do 2º e 3º ciclo de primaria, a posibilidade de exercer de **axudantes de biblioteca**, para ordenar os fondos, formalizar préstamos devolucións, colaborar nalgunhas actividades, etc.
- Continuar co **Buzón de suxerencias**: os alumnos, mestres, pais, ...poden facer propostas sobre a adquisición de fondos, a organización e funcionamento, así como as actividades levadas a cabo dende a biblioteca
- Celebramos o **día internacional das bibliotecas escolares**. Poderíamos intercambiar libros de lectura colectiva con outras biblioteca da zona (colexio Atín) ou recomendacións de lecturas de nenos do noso colexio a outros centros.
- **Blog da biblioteca** : Seguiremos propoñendo actividades a través do noso blog , atoparemos informacións, recomendacións de lecturas, opinións lectoras, ...
- **Manter na biblioteca unha carteleira actualizada** coas novidades que se van incorporando á biblioteca así como con todas as noticias que se refiran a libros, lecturas, escritores/as, premios literarios, centenarios calquera feito cultural.
- Coincidindo ca festa do **Magosto e do Samaín** proporanse lecturas relativas a devandita temática. Levaranse a cabo a exposición dos traballos realizados polas distintas aulas e exporanse no blog da biblioteca.

2º Trimestre

- No segundo trimestre potenciaremos o uso da biblioteca como fonte de información para levar a cabo os traballos de educación documental. Continuar co proxecto de poetas galegos.
- Elaboración dos traballos coa información recollida, exposición e catalogación dos mesmos para incorporalos aos fondos da biblioteca.
- O equipo de dinamización da biblioteca xunto co de TICs elaborará xogos de pistas e busca de enigmas para reforzar as actividades da aula
- Celebración do **día da Paz**. Lectura de contos, murais e exposicións dos traballos realizados. Recomendacións de lecturas no blog da biblioteca
- Colaborar co Equipo de Dinamización da lingua galega na elaboración do caderniño "**O Correr o Entroido**" continuando coa investigación sobre o Entroido en diferentes zonas de Galicia. Coma sempre, farase entrega dun exemplar para cada familia e exporase na entrada

da Biblioteca.

- Publicación dun **Boletín de recomendacións de lecturas** : este boletín enviarase a tódalas familias e quedará recollido na páxina web do cole.

3º Trimestre

➤ **Celebración do Día do Libro.**

- Exposición na entrada da Biblioteca de contos e libros suxerentes para o alumnado
- Os alumnos de E.I ou 1º ciclo visitan a **Biblioteca Pública de Mos** .
- Visita á **Casa do Libro**..

- **Letras Galegas:** Elaboración dunha unidade didáctica adicada ó autor . Entre as propostas de actividades que adoitan aparecer nelas están: biografías, lecturas dedicadas ó autor, adiviñas, pasatempos,... Exposición dos traballos elaborados sobre o autor ó que se dedica as Letras Galegas.

- Elaboración dun **libro -forum** cos traballos realizados polos Xogos Florais

- **Realizar sesións de “contacontos”**, botando man de persoas especializadas, nais, pais, avós, avoas e persoal do colexio. O alumnado dos cursos altos pode preparar sesións narrativas, de recitación ou dramatización para os pequenos e pequenas. Barallar a posibilidade de que antigas alumnas do colexio veñan a ler os alumnos de infantil e 1º ciclo.

- **Revista Escolar Xeada.** Tódolos cursos publicamos a nosa revista escolar na que participa todo o profesorado do Centro coordinando os traballos dos alumnos. Os obxectivos que pretendemos coa súa elaboración son entre outros:

- Achegar ó alumnado a un medio de comunicación escrita.
- Valorar a importancia da prensa coma un medio de comunicación.
- Diferenciar apartados que aparecen nas revistas.
- Fomentar o gusto pola lectura e pola composición escrita.
- Contribuír á divulgación de diversos aspectos da cultura galega.
- Achegarse ó entorno do colexio, ás familias e ó resto da comunidade
- Valorar a importancia das novas tecnoloxías para unha mellor divulgación da revista.
- Relacionar a prensa con outros medios de comunicación (radio escolar,internet)

Podedes atopar as distintas edicións publicadas a través da nosa páxina web.

- Ao final do curso os alumnos levan unha sorpresa, coa entrega da **guía de lecturas para o verán**, Leo a mascota da biblioteca infórmalles de que marcha de vacacións. Ao mesmo tempo tamén o publica no blog da biblioteca.

- Ó final de curso entregaremos **DIPLOMAS ÓS/ÁS LECTORES/AS MÁIS ASIDUOS** .

Actividades Anuais

- **Prensa na escola.** O curso que vén, os alumnos de 6º seguirán participando neste proxecto. Contamos coa colaboración do xornal " **La Voz de Galicia**" que nos facilita exemplares para tódolos/as alumnos/as cada mércores. Ese día faise lectura colectiva do xornal (algúns apartados e artigos), e lévano para casa para seguir lendo e facer algún traballo relacionado coa prensa (comentario dun artigo, tradución , pé de foto, opinión persoal,...). Lemos os artigos, tradúcense ó galego e faise un pequeno resumo. Isto será o que conforme as " Novas do día" que van ser lidas na radio escolar.

- **Lectura dixital cos e-readers** en 5º e 6º, aulas de apoio, nas lecturas na radio escolar, préstamos ós mestres,etc

- **Préstamo.** Como xa mencionamos con anterioridade, cada grupo de alumnos dispón dunha sesión semanal dentro do horario escolar para asistir á Biblioteca. Esta sesión pódese aproveitar para levar a cabo o servizo de préstamo da Biblioteca. Normalmente cada

semana faise cambio de libro , aínda que se pode renovar dependendo da lectura. De xeito alternativo, para traballar as competencias lingüísticas en galego e en castelán, vanse elixindo os títulos.

- **Libros de lectura colectiva.** Xa a partires do primeiro ciclo propónse a lectura de coleccións tanto en galego coma en castelán É unha lectura obrigatoria . Normalmente faise unha lectura en voz alta onde se valoran e perfeccionan os aspectos relacionados coa mesma.
- **Continuar coa actividade Hospital dos libros.**
- **Lecturas " Cóntocho en galego".** Seguir coas lecturas por parte dos/das alumnos/as de 3º ciclo de contos en galego ós rapaces de E.I. 1º e 2º. Estes contos poden ser creados por eles ou ben escollidos entre os da biblioteca do centro ou da aula.
- **Cine na Biblioteca.**
- **Colaboraremos en proxectos** desenvolvidos polas distintas aulas.
- Solicitar as maletas ofertadas polo C.E.F.O.R.E.
- Continuar co proxecto de **mochilas viaxeiras** en Educación Infantil

5.-Horario dedicado á lectura

❖ Tempo mínimo diario para a lectura

Lectura diaria colectiva na área de lingua de 30 minutos diarios. Tamén se realizará complementariamente nas distintas áreas e dentro do plan lector.

Polo tanto, adicarase un tempo de cada sesión a mellorar as competencias lingüísticas xerais do/a alumno/a en cada unha das áreas do currículo.

❖ Prácticas de fomento da lectura

Establecerase como mínimo unha sesión de lectura semanal na que os alumnos lerán o mesmo libro de xeito colectivo, e individual realizando as actividades de comprensión lectora necesarias para mellorar o seu rendemento e fomento das habilidades lectoras. Outras actividades: recitar poemas, representacións, debates, entrevistas, trabalinguas, adiviñas,..

❖ Prácticas de fomento da escritura

Adicarase a lo menos unha sesión semanal á produción de diferentes tipos de textos, elaborando cada ciclo un listado de textos escritos para traballar co alumnado en función da dificultade. Levarase a cabo dictados, composicións, textos dirixidos, resumo de contos, ...

Farase un listado de vocabulario novo de cada unha das áreas , prestando especial atención as regras ortográficas e o uso axeitado do significado

❖ Prácticas de comprensión oral e escrita

Levaranse a cabo debates, lecturas colectivas, exposicións sinxelas sobre diferentes temas, técnicas de animación a lectura, mesas redondas para mediar na resolución de conflitos,...

Na comprensión escrita pódense realizar fichas guiadas de cada libro lido, uso da biblioteca de aula e do colexio cos seus servizos de préstamo, realizaranse avaliacións de lectura comprensiva e velocidade lectora

6.-Uso da biblioteca escolar.

5.1. Situación actual

Formamos parte do **PLAMBE** e valoramos moi positivamente esta participación tanto dende un punto de vista económico, como, sobre todo, pola constante fonte de iniciativas compartidas que estar neste plan leva de seu e que enriquecen o noso labor.

Neste senso, levamos a cabo moitos progresos nas medidas organizativas e de xestión e transformamos a nosa biblioteca nun centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe. Formar parte do plan de mellora supuxo tamén unha mellora na consecución dos obxectivos propostos, as actividades desenvolvidas na biblioteca e pola biblioteca, así coma o nivel de implicación de toda a comunidade educativa na realización das mesmas.

Nas finalidades educativas do noso C.E.I.P. Mestre Valverde Mayo, a biblioteca preséntase como pilar da ensinanza da linguaxe oral e escrita. Este colexio traballa para desenrolar nos/nas alumnos/as o gusto pola lectura e a cultura. Polo tanto, é un obxectivo prioritario potenciar a biblioteca e apoiar os nosos proxectos e experiencias. O uso da biblioteca escolar no noso Centro vai mellorando día a día co traballo conxunto e ben coordinado, ó obxecto de que os nosos alumnos e alumnas accedan á mesma de xeito diario, ademais de ir creando a estrutura necesaria para ser aberta a toda a nosa Comunidade Educativa.

O obxectivo que tratamos de realizar é seguir ofrecendo durante o maior tempo do noso horario lectivo a posibilidade de préstamos e consulta ós/ás alumnos/as do noso centro, ademais de converterse nun recurso completo para atopar información en distintos soportes, de tal xeito que, o alumnado integre a biblioteca escolar como un recurso na súa práctica diaria e que o profesorado acabe integrándoa na súa práctica docente, ademais de seguir ofrecendo a posibilidade de acceder á mesma durante o período extraescolar.

O proxecto da biblioteca escolar que perseguimos identifícase cun espazo onde o profesorado exerce a súa actividade de documentación para a súa labor docente, onde os alumnos e alumnas aprendan a buscar, descifrar, coñecer, gozar dos coñecementos, onde todos os membros da Comunidade educativa accedan libremente á cultura da información.

Desexamos que o noso Centro estea dotado dunha biblioteca viva, que sexa espazo para a relación, a participación, a comunicación, o aprendizaxe, a búsqueda de información tanto en materiais impresos como en materiais realizados en calquera outro soporte, dende onde emanen actividades dirixidas a todos e todas, nas que disfruten no só o alumnado e profesorado, senón todas aquelas persoas que formen parte da Comunidade Educativa deste Centro.

5.2 – Localización e dimensión

Situada na primeira planta do edificio, accédese a ela despois de subir dous tramos de amplas escaleiras. A biblioteca mide aproximadamente uns 62 m², polo que é bastante ampla. Tamén é moi luminosa e ventilada.

Na mesma atopamos distintas zonas: zona de traballo colectivo, zona de lectura individual, zona de xogos e zona multimedia.

5.3.-Obxectivos

Os obxectivos da nosa biblioteca son:

- Achegar a biblioteca ó alumnado como espazo de busca de información e tamén de fonte de lecer.
- Continuar coa catalogación dos fondos seguindo o **programa informático MEIGA**.
- Continuar co traballo do equipo de apoio á biblioteca, así como participar nos cursos de formación
- Concienciar á comunidade educativa da importancia do papel que xoga a biblioteca escolar como centro de recursos organizado no logro da calidade educativa.
- Continuar co mantemento do **blog da biblioteca** e promover a participación de toda a comunidade educativa
- Facilitar a aprendizaxe autónoma educando no acceso á información.
- Fomentar a lectura e dinamizar actividades de comprensión lectora.
- Continuar coas relacións entre a Biblioteca escolar e a Biblioteca pública de Mos.
- Dar un papel protagonista á biblioteca do centro na elaboración e desenvolvemento do Plan

Lector.

- Manter os fondos bibliotecarios e amplialos atendendo ás necesidades e suxerencias dos diferentes ciclos.
- Colaborar co resto de departamentos e equipos nas actividades que propoñan ó longo do curso: festas, saídas, edición da revista escolar, edición do boletín T.IC...
- Integrar as tecnoloxías da comunicación e da información na busca da mesma.
- Potenciar a presenza e uso de publicacións periódicas (prensa na escola).
- Seguir formando parte da rede de bibliotecas escolares co fin de compartir recursos, coordinar actuacións e intercambiar experiencias.
- Manter en funcionamento a páxina web como instrumento informativo, formativo e de expresión para tódolos membros da comunidade educativa.
- Facilitar o acceso igualitario ós recursos culturais.
- Publicar Boletíns informativos da Biblioteca destinados a toda a comunidade escolar: horario e normas , acontecementos, días sinalados, ...

5.3 Horario

A nosa biblioteca permanece aberta case a totalidade do tempo lectivo .

A coordinadora da biblioteca escolar dispón dentro do seu horario de dúas horas de adicación a biblioteca, pero na realidade , ó ser tamén a Xefa de Estudos moitas das horas de Xefatura (un total de cinco) as adica as actividades propias da biblioteca(préstamo, xestión, catalogación , animación , formación de usuarios...).

Os outros membros do equipo dispoñen dunha hora dentro do seu horario semanal, aínda que na realidade tamén adicaron moitas máis.

Tamén se ten en conta, dentro da organización dos horarios, os tempos para que cada titor e mestres especialistas puideran utilizar a biblioteca co seu grupo de alumnos coma unha ferramenta de acceso ó currículo das diferentes materias das que é responsable (unha hora mínima a semana)

Durante os recreos os membros do equipo fan quendas de xeito que todos os días permaneza aberta. A maior dificultade é compatibilizalas cas quendas de recreo e cos programas de radio diarios.

Tamén permanecerá aberta en período extraescolar tódalas tardes, agás os martes de 17'15 á 18'45.

5.3 – Organización e xestión.

Tódolos fondos están debidamente informatizados, seguindo o programa MEIGA solicitado ó comezo do curso 2010-11

Na actualidade estamos traballando no rexistro dos fondos existentes na biblioteca seguindo dito programa . A clasificación que seguimos e a da C.D.U

Actuacións por trimestres

1º Trimestre:

- ⇒ Estudar os fondos existentes e facer un expurgo que elimine os documentos desfasados ou en mal estado.
- ⇒ Continuar catalogando os fondos co programa **MEIGA** .
- ⇒ Levar a cabo unha primeira reunión do equipo da Biblioteca e establecer o horario dos seus membros.
- ⇒ Deseñar unha guía de formación de usuarios para a B.E para todos os ciclos.
- ⇒ Elaborar un dossier das normas básicas de uso dos pcs, recuncho audiovisual, durante os recreos,...
- ⇒ Repartir o traballo en diferentes áreas: control de préstamo, proceso técnico e planificación

de actividades.

- ⇒ O comezo do curso escolar fixarase o horario das sesións semanais que pertencen a cada grupo-clase.
- ⇒ Tamén tense en conta na organización dos horarios os tempos que cada titor/a poida utilizar a B.E co seu grupo de alumnos como ferramenta e recurso do apoio ó currículo nas diferentes materias das que é responsable.
- ⇒ O equipo en función das suxerenzas e necesidades dos distintos ciclos elaborará a primeira adquisición de fondos.
- ⇒ Reunirse cos titores para comunicar o horario, normas de uso e préstamo da B.E

2º Trimestre

- ⇒ Realizar unha enquisa entre os/as mestres/as e os/as alumnos/as sobre as súas necesidades e intereses.
- ⇒ Continuar coa informatización da biblioteca seguindo o programa **MEIGA**.
- ⇒ Seguir co Plan de Adquisición de Fondos tendo en conta as necesidades dos diferentes ciclos.
- ⇒ Solicitar catálogos a editoriais ou librerías da zona.

3º Trimestre

- ⇒ Diseñar unha guía de usuarios para a B.E cos seus datos básicos.
- ⇒ Continuar coa informatización da biblioteca seguindo o programa **MEIGA**
- ⇒ Aplicar instrumentos de avaliación deseñados polos membros do equipo.
- ⇒ Diseñarase o Proxecto da B.E. para o vindeiro curso.
- ⇒ Levarase a cabo a Memoria Final de curso.

O protocolo de xestión dos fondos

ALTAS	1º- Forrar con plástico adhesivo transparente
	2º-Catalogar co programa de xestión MEIGA
	3º-Escribir o número de rexistro na primeira páxina
	4º- Colocar o selo da biblioteca na primeira páxina e noutra calquera.
	5º- Subministrar unha etiqueta identificativa
	6º-Clasificar cunha pegatina de cor azul, vermello, verde ou amarelo según a clasificación do tipo de lector
	7º- Colocar no seu sitio
BAIXAS	1º- Despegar a etiqueta de identificación
	2º- Escribir na primeira páxina ó carón da identificación “baixa curso....” e asinar pola coordinadora da biblioteca
	3º- Eliminar o rexistro do programa MEIGA.
PÉRDIDAS	1º- Tentar localizar o libro repasando os arquivos dos préstamos dos distintos cursos
	2º- Esperar dous cursos para efectuar a eliminación definitiva
	3º- Incluir na listaxe de perdas do curso correspondente

O equipo da Biblioteca está formado por:

MEMBROS DO EQUIPO

Coordinadora e X. de Estudos	M ^a Déborah Casas Álvarez
Compoñentes	M ^e Jesús González Puga Vanessa Barro Laura Escudero Pereira

As **funcións da coordinadora** da B.E.serán :

- 1.Elaborar o Proxecto de Biblioteca Escolar.
- 2.Coordinar o equipo de apoio á Biblioteca.
- 3.Organizar, clasificar e catalogar os fondos.
- 4.Difundir as actividades da biblioteca entre todos os membros da comunidade educativa.
- 5.Impulsar o fomento da lectura e dinamización cultural do Centro.
- 6.Definir a política de préstamo.
- 7.Informar periodicamente ó claustro das actuacións da biblioteca e canalizar as demandas.

As **funcións do equipo de apoio** serán:

- 1.Colaborar na elaboración e desenvolvemento do proxecto bibliotecario.
- 2.Colaborar na revisión do Proxecto e na elaboración da Programación e Memoria de cada curso escolar.
- 3.Recoller e canalizar as propostas do profesorado e alumnado en relación coas actividades relacionadas coa biblioteca.
- 4.Establecer criterios para a adquisición de novos fondos atendendo ás demandas do profesorado, alumnado e necesidades do centro.
- 5.Facilitar información e recursos ós membros da comunidade educativa.

A primeira tarefa do Equipo da B.E ó principio de curso será a coordinación dos traballos e actividades a desenvolver a través do Plan Lector no que todo o claustro de Profesores debe implicarse.

Constituíuse una **comisión de biblioteca** dentro do Consello Escolar que tratará de garantir e xestionar a apertura en horario extraescolar, propondrá mecanismos de colaboración e coordinación coa Biblioteca Pública de Mos, promoverá actividades de dinamización en contacto con distintos sectores da comunidade, fará propostas de adquisición de fondos e equipamentos e establecerá contactos e relacións cos sectores sociais , culturais, educativos do entorno que queiran colaborar coa biblioteca escolar.

Así mesmo, a coordinadora da biblioteca tamén será membro da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

5.4- As seccións de aula .

Atópanse nelas :

- 1 – OS LIBROS DE CONSULTA que levan os/as titores/as da biblioteca de centro, para traballar nas diversas áreas do currículo, e que devolven ó seu lugar unha vez rematada a súa utilidade.
- 2- OS LIBROS DE LECTURA COLECTIVA ós que se lles aplica o mesmo proceso.
- 3 – Calquera outro material que precisen os/as titores/as ou especialistas :
-Carteis e mapa.

5.5.-Liñas prioritarias de actuación durante o curso 2019-20

1.- Actuacións en relación coa organización e xestión;a configuración da biblioteca como “laboratorio creativo de aprendizaxe”:

Seguindo as liñas de cursos anteriores continuaremos levando a cabo labores de xestión e sobre todo de expurgo . En relación a adquisición de fondos, temos como prioridade ampliar os fondos de consulta porque algúns están moi deteriorados. Continuaremos mercando materiais adaptados ás necesidades lectoras e de comprensión dos nosos nenos con discapacidade en distintos formatos. Pretendemos que a nosa biblioteca siga sendo un espazo inclusivo en canto **actividades** e a **fondos documentais, servizos e oferta de recursos en distintos formatos**.

En canto a adquisición de mobiliario, temos a necesidade de adquirir material para fomentar a **lectura de lecer e para a organización das tablets e dos lectores dixitais**. Un ano máis, priorizaremos a adquisición de fondos relacionados co novo tema do **proxecto documental** que traballaremos en todo o centro e que xurdirá da propia biblioteca.Este ano adicado ó **“Deporte”**.

Continuaremos dotando o noso **“espazo creativo”** na biblioteca con material de construción,material dixital, xogos sensorias,xogos para a mellora da linguaxe , para a mellora das funcións executivas, mellora da coordinación motora ou a atención,...

En canto a organización do equipo de biblioteca, seguiremos aproveitando as tardes dos martes e a hora da mañá dos venres para levar a cabo as reunións do equipo da Biblioteca. Ó comezo do curso escolar fixarase o horario das sesións semanais que pertencen a cada grupo-clase.

Coma sempre, o equipo en función das suxerencias e necesidades dos distintos niveis elaborará a adquisición de fondos nos distintos trimestres.

2.- Actuacións en relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado:

Seguiremos realizando exposicións coas **novidades editoriais** adquiridas pola biblioteca e aqueloutras realizadas con características de temáticas variadas. Seguiremos a manter vivo o **blogue da biblioteca** e o **recuncho de Leo**: <http://www.ceipmestrevolverdemayo.es/recuncholeo/libros.htm>

Neste enlace creado no blog os rapaces poden deixar on-line as súas opinións sobre os libros lidos na hora de ler, tanto en formato impreso coma en soporte dixital (nos e-readers).

Continuaremos levando a cabo as recomendacións literarias na **radio escolar** e a elaboración de **programas de radio en relación cos distintos proxectos** <http://radioescolarsanguineda.blogspot.com.es/>

Seguiremos fomentando a participación no **Recuncho de Bibliocine** creado o curso pasado na nosa páxina web e intentaremos deseñaremos un novo apartado con axuda do coordinador TIC para o novo PDI.

Nos recreos e pola tarde , seguiremos pondo a disposición do alumnado os recursos da biblioteca e o acceso a internet para os traballos que se demandan dende as aulas.

Tamén tense en conta na organización dos horarios os tempos que cada titor/a poida utilizar a B.E co seu grupo de alumnos como ferramenta e recurso do apoio ó currículo nas diferentes materias das que é responsable.

Outra das actuacións en relación coa integración do currículo dende a biblioteca, é a continuación da lectura duns **itinerarios lectores** que teñen unha mínima calidade e que teñen unha temática en consonancia cos contidos curriculares traballados no centro.

En canto á adquisición das **competencias** resulta evidente que a biblioteca e as actividades que propón para a súa realización nas aulas, teñen un importante papel e non só nas competencias relacionadas coa lectura e a escritura . Especial relevancia teñen na nosa

programación as actividades encamiñadas á adquisición da competencia no tratamento da información e a competencia dixital ,así como a competencia para aprender a aprender. Cando traballamos a autonomía na procura de documentación e de informacións en relación co PDI,cando proporcionamos accesos a internet para realizar as nosas procuras de información, cando dun xeito lúdico programamos actividades on line promocionamos o uso de internet como fonte de informacións, estamos, sen dúbida, traballando a adquisición destas competencias e tratando os distintos contidos curriculares.

3.-Actuacións en relación coa formación de usuarios e a adquisición da competencia informacional.

- Continuaremos ca figura do “**Detectileo**” e cos **concursos**.
- Aprenderemos a investigar na web e na propia biblioteca a través de pistas, vídeos, etc. resolvendo acertixos.
- Continuidade do proxecto da **BIBLIOTENDA** e do billete **BIBLIOEURO** que sirva para canxear por premios nos concursos da biblioteca. Terá validez para mercar libros ou outros obxectos relacionados coa animación lectora ou coa búsqueda da información por parte do alumno.
- Seguiremos favorecendo o acceso á internet a través dos ordenadores habilitados na biblioteca. Velaremos polo cumprimento das normas de utilización dos pcs entre as que priorizamos o seu uso para a búsqueda de información e a realización de traballos de aula.
- Durante os recreos, seguiremos motivando a lectura e a búsqueda de información para traballos de investigación relacionados co proxecto documental integrado.
- Continuaremos levando a cabo sesións de **formación de usuarios na biblioteca, tanto para alumnos como para o profesorado**
- Lembraremos brevemente o funcionamento da biblioteca e do programa Meiga para que poidan realizar os empréstitos e as devolucións cos seus alumnos (principalmente co profesorado provisional, interino e substituto).
- Seguiremos promocionando os **axudantes de biblioteca escolar**, favorecendo a incorporación de novos alumnos e dotando de máis funcións os que xa están no equipo.

4.-Actividades en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro.

En relación ao fomento do hábito e da eficacia lectora e de escritura pensamos manter as actividades que levamos realizando dende hai anos, pois continúan dando bos resultados. Entre outras mencionamos:

- Planificaremos,elaboraremos e promocionaremos o **proxecto documental integrado sobre o deporte** en colaboración co equipo de dinamización da lingua galega , complementarias , equipo TIC e radio escolar.
- Proxecto de lectura dixital** .Continuidade do proxecto de lectura dixital en 5º e 6º de E.Primaria para a realización de actividades concretas: lecturas individuais, lecturas na radio, lecturas na aula de P.T, en actividades de reforzos.Seguiremos comunicando as actividades feitas a través do blog.
- Continuar co **Club de lectura** destinado os alumnos de 6º de E.Primaria e realizalo nos recreos durante o 2º trimestre.
- Lecturas " Cóntocho en galego"**. Os nenos e nenas de 5º e 6º len semanalmente contos ós pequenos do cole. Deste xeito aprenden a entoar, respectar as pausas e mesmo a dramatizar as lecturas.
- En Febreiro realizaremos a actividade “**concurso de cantigas de amor**” en colaboración ca radio escolar.
- Día do libro:** ademais das actividades habituais, lecturas , contacontos, encontros con autores,realizaremos a actividade “**Comparte cultura.Intercambio de lecturas**”. O alumnado poderá traer un libro que xa lera e intercambialo por outro dun compañeiro ou compañeira.

-Prensa na escola. Os alumnos de 5º e 6º cada día empregan o xornal para elaborar as " Novas do día" que van ser lidas na radio escolar no tempo de recreo.

-Préstamo .Cada grupo de alumnos dispón dunha sesión semanal dentro do horario escolar para asistir á Biblioteca. Normalmente, cada semana faise cambio de libro, aínda que se pode renovar dependendo da lectura. De xeito alternativo, para traballar as competencias lingüísticas en galego e en castelán, vanse elixindo os títulos.

-Mochilas viaxeiras:continuamos co proxecto de cursos anteriores. Dentro de cada mochila facemos unha selección de libros, música, contos, fotos para toda a familia. Tamén atopábase un caderno viaxeiro onde as familias podían deixar as súas impresións, debuxos, suxerencias, etc. Tamén solicitaremos as mochilas ofertadas polo CEFOR de Vigo.

-Seccións de aula. Manteremos actualizados os fondos das distintas aulas en función dos proxectos traballados en cada momento do curso.

-Xogos Florais. Continuaremos promovendo un concurso literario coincidindo co mes do libro con premios á participación e á calidade dos traballos presentados e cunha temática relacionada co tema do PDI.

5.-En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva.

Seguiremos levando a cabo actividades de fomento da lectura adaptadas a diferentes colectivos: charlas, exposicións, contacontos interpretados en linguaxe de signos... Continuaremos ampliando os nosos fondos documentais adaptados os distintos lectores: fondos de lectura sinxela, adaptados o sistema pictográfico, ...

Contaremos cun **presuposto anual do centro** para a adquisición de fondos adaptados dentro do presuposto da biblioteca.

Actividades e servizos: ademais de fondos adaptados ás diferentes necesidades contaremos con actividades de fomento á lectura adaptadas a diferentes colectivos: charla de temáticas específicas (TDH, Autismo...), contacontos interpretado en linguaxe de signo, etc.

6.- Outras actuacións

- **Programas na Radio escolar** en relación ó PDI.
- Concurso na radio en relación ó deporte : "Adiviña o deportista".
- Recomendacións literarias na radio escolar feitas polo alumnado de 3º a 6º de E.P o derradeiro martes de cada mes.
- **Hospital dos libros.**
- **Torneo de xogos de mesa** na biblioteca durante os recreos: LIMCE
- **Cine na biblioteca. Bibliocine.**
- **Continuidade do proxecto " BIBLIOEURO "** (moeda da nosa biblioteca) e coa **BIBLIOTENDA** dos mércores no recreo. O billete terá validez para mercar libros ou outros agasallos relacionados ca animación lectora ou ca búsqueda da información por parte do alumno.

7.-Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se van a utilizar.

Como todos os cursos, realizaremos unha avaliación inicial nos primeiros días do curso a través dunha **enquisa** ó profesorado para que fagan as súas propostas de adquisición de fondos e así, detectar as necesidades dende os distintos niveis, equipos ou departamentos .

Ó remate do curso escolar realizarase unha avaliación final mediante unha enquisa realizada a todo o claustro para coñecer o nivel de satisfacción .Na enquisa, o profesorado puntuará distintos aspectos das actividades da biblioteca, a súa predisposición a embarcarse en novas actividades ,os itinerarios lidos durante o curso tanto en formato papel como en dixital, así como novas iniciativas para a mellora dos servizos que a Biblioteca ofrece á comunidade educativa. Ademais propoñen o novo PDI de cara o curso seguinte.

A partir dos **datos estatísticos** proporcionados polo **MEIGA** obteremos os seguintes resultados: número de empréstitos realizados, alumnos/as máis lectores/as, títulos máis lidos, lecturas por sexo, ...

Rexistro da participación das familias no “recuncho de pais e nais” en función dos empréstitos realizados ó longo do curso.

Se fomentará a participación do alumnado e do resto do profesorado mediante o **buzón de suxerencias** e o a través do recuncho do blog chamado “**Recuncho de Leo**”. Rexistro da participación do alumnado nos distintos concursos, torneos e demais actividades ofertadas dende a biblioteca.

8.- Persoa designada como responsable/dinamizadora da biblioteca escolar. Equipo de apoio. Horario previsto.

A persoa que se responsabilizará da marcha da Biblioteca é M^a Déborah Casas Álvarez, encargada da mesma dende o comezo da implantación do PLAMBE no centro. Dado que case todos os membros do equipo de apoio á biblioteca son mestres con destino definitivo neste centro, a súa composición non variará moito e se asegura así unha continuidade no traballo.

O horario previsto será similar ó curso anterior, tanto nas horas de adicación á biblioteca coma no mantemento mínimo dunha hora semanal para cada grupo de alumnos. A biblioteca permanecerá aberta deste xeito, case a totalidade do tempo lectivo así como todas as tardes de 16.15 a 18.45 (agás os martes).

7.-Implicacións.

➤ **Dende o equipo directivo:**

A directora :entre outras ,coordina o desenvolvemento e avaliación do plan proposto a través dos distintos órganos : Comisión de Coordinación Pedagóxica, Claustro de Profesores, Comisión da Biblioteca e Consello Escolar. En coordinación coa coordinadora da biblioteca axuda a colaborar coa Biblioteca de Mos e outras Bibliotecas escolares , a establecer unha relación directa con aqueles organismos oficiais ou puntos de interese para a biblioteca , facilitar saídas á Casa do Libro, Librouro e Norma. Tamén destinou o 10% do orzamento xeral do centro para a biblioteca escolar.

A xefa de estudos e coordinadora da biblioteca :coordinou o seguimento e posta en práctica do proxecto de mellora da biblioteca , velou polo cumprimento dos obxectivos básicos do mesmo e elaborou o calendario de aplicación, e a asignación de horas ó profesorado encargado da biblioteca.

A secretaria: colaborou na coordinación da xestión económica do próximo curso.

➤ **De todo o profesorado.**

Obxectivos e canto ó profesorado:

- Crear un espazo que fomente unha actitude positiva cara á lectura.
- Participar nas tarefas da biblioteca como colaborador/a e dinamizador/a.
- Incorporar ás áreas curriculares contidos e actividades para desenvolver a comprensión lectora.
- Potenciar un novo estilo docente ofrecendo recursos alternativos ó libro de texto e ampliando as canles de acceso á información e o coñecemento.
- Potenciar a integración da lectura na dinámica da clase.
- Fomentar o hábito da lectura a cotío e a afección á lectura como un ben cultural en si mesmo e no tempo de lecer.
- Procurar fórmulas atractivas e motivadoras.
- Diseñar actividades lectoras axeitadas a cada materia.
- O profesorado elaborará unha lista cos libros lidos durante o curso

- Propoñer actividades de animación.
- Diseñar estratexias comúns para o apoio ó alumnado con dificultades.
 - Esmiuzar textos.
 - Analizar vocabulario
 - Realizar glosarios

O profesorado participa activamente no desenvolvemento das actividades suxeridas polo equipo de biblioteca, tanto nas actividades puntuais como naquelas que requiren un compromiso de traballo ó longo do curso (proxecto unha viaxe arredor do mundo, lecturas cóntocho en galego, mochilas viaxeiras, ...) Tamén se responsabiliza de levar a cabo de xeito diario o programa prensa na escola , a lectura colectiva en voz baixa e o seguimento dos itinerarios lectores programados entre todo o claustro.

Por outra banda, unha maioría do colectivo de mestres aporta as súas opinións e suxestións para a mellora das actividades, involucrase na súa preparación e motiva ó seu alumnado para que tomen parte nas propostas de traballo .

A maiores, ó comezo do curso escolar se fixou o horario para as diferentes sesións de lectura na biblioteca .Cada titor comprométese a levar o seu grupo de alumnos durante ó menos ,unha sesión semanal, dentro do horario escolar para asistir á Biblioteca e levar a cabo moitas das actividades expostas (préstamo, lectura de lecer, búsqueda de información, traballo en pequeno e gran grupo, conexión a internet,...)


Tamén se comprometeron a ter actualizados os fondos da biblioteca de aula e a solicitar suxerencias lectoras.

➤ Das familias

Con respecto ás familias (nais/pais) sinalar que teñen disparidade de niveis de implicación. Hai familias que por mor de horarios de traballo ou problemas similares son alleas case por completo á vida do centro, mentres que outras familias participan practicamente en canta actividade se propón.

Cabe destacar que estamos moi contentos pola participación das familias no **recuncho de lectura para pais e nais** que puxemos en funcionamento o curso pasado. Houbo bastantes solicitudes de préstamo de libros , máis de tipo pedagóxico e de asesoramento educativo , que de lecturas de lecer. Como proposta para este curso será a merca dun maior número de fondos destinados a pais e nais.

Obxectivos específicos en canto ás familias:



Estes obxectivos deberán ser explicados na reunión de pais e nais de nivel

➤ **Implicación dos alumnos .**

O alumnado responde participando maioritariamente nas iniciativas que se lle propoñen dende a biblioteca. Hai que sinalar que a participación na maioría de todas estas actividades realízase dun xeito voluntario e sen agardar premios pola mesma, o que dá máis valor a esa participación.

Valoramos moi positivamente a súa participación na biblioteca nos tempos de recreo ,realizando tanto lecturas , coma participando no hospital dos libros, xogos de mesa, búsqueda de información na rede para resolver os traballos propostos , participar nos concursos e xogos propostos dende a web do cole ou do blog da biblioteca.

Seguiremos promocionando os **axudantes de biblioteca** escolar , favorecendo a incorporación de novos alumnos e dotando de máis funcións os que xa o forman.

➤ **Obxectivos específicos en canto á comunidade**

- Colaborar nas actividades das bibliotecas públicas e do concello. Nesta mesma liña de implicar a toda a comunidade, os alumnos do colexio visitan a **biblioteca municipal** no mes de Abril . Institución da que xa son socios dende o seu primeiro ano de escolarización na educación Infantil
- Participar activamente en concursos e exposicións.
- Visitar librarías

8.-Estratexias de comprensión lectora en todas as áreas.

- Partir do desenvolvemento cognitivo do/a neno/a e das súas aprendizaxes previas á hora de organizar as actividades.
- Actividades específicas de comprensión lectora: elaborar e distribuír un guión dirixido ao profesorado sobre como traballar a comprensión lectora nos textos relacionados coa súa materia.
- Calquera texto pode servir ós nosos intereses.
- Establecemento dunha negociación co alumnado á hora de elixir textos para traballar.
- Seleccionar textos relacionados có seu entorno máis inmediato: novas, reportaxes, contos, lendas...
- Seleccionar textos que garden certa conexión, tanto con aspectos tratados na clase como cos coñecementos previos do alumno/a.
- Ter en conta a dificultade dos textos.
- Implicar e interrelacionar a todos os sectores da comunidade educativa, como axentes propios na consecución de bos hábitos lectores.
- Desenvolver máis a capacidade de aprendizaxe que a retención de conceptos.
- Proporcionar os alumnos/as distintas situacións que supoñan, ó través da lectura, unha intensa actividade mental que conduza á reflexión, o pensamento e o desenvolvemento da capacidade crítica.
- Realizar un eficiente emprego da lectura como instrumento de aprendizaxe, de investigación e de recreación, que englobe tódalas áreas do currículo de Primaria.
- Utilizar as posibilidades que ofrecen os xogos como medio motivador e dinamizador do proceso.
- Usar a lectura como fonte de fomento da creatividade e a imaxinación dos/das alumnos/as.
- Conseguir crear un ambiente idóneo, onde os/as alumnos/as se sintan a gusto e familiarizados coas actividades realizadas.

9.-Recursos

Humanos	Materiais	Materiais
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Titores/as • Coordinadora Xeral ▪ Coordinadores/as de ciclos • Todos aqueles/as relacionados cos ofertados polas administracións: Plans de Fomento, Animadores/as á lectura, contacontos ... • Monitores/as das bibliotecas Municipais... • Pais e nais , avós e avoas • Persoal dos CEFORE 	<ul style="list-style-type: none"> • Recursos propios da biblioteca Municipal, xeral e da aula • Materiais audiovisuais ▪ Material propios das TIC (PCs, proxectores, impresoras, rede de internet, na biblioteca e nas aulas) ▪ Láminas ilustrativas, marionetas, monicreques e outros materiais adaptados a E.I. ▪ Soportes textuais ordinarios:prensa, receitas, carteis, folletos ... ▪ Material funxible para a realización de actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> • Lotes de libros iguais para a práctica da lectura colectiva na aula • Libros de texto e outros materias curriculares das distintas áreas • Visitas ós Museos • PÁXINA WEB DO COLEXIO • BLOG DA BIBLIOTECA • Revistas • RADIO ESCOLAR DO CENTRO • REVISTA ESCOLAR DO CENTRO • PRENSA ESCRITA

8.-Actividades que favorezan a comprensión lectora.

Tódolos días dedícanse parte das sesións de lingua á lectura, ben en galego , ben en castelán, dun xeito sistemático, utilizando o que entre o profesorado chamamos:

“Coleccións de clase”- que son os itinerarios lectores seleccionados (ó longo dos moitos anos que se vén empregando esta práctica) e continuamente renovados.

Existen entre 15 e 25 libros dun mesmo título , e numerosos títulos en galego e castelán, clasificados segundo o sistema descrito anteriormente, é dicir, para o primeiro , segundo ou terceiro ciclo.

Os titores levan ás clases alternativamente coleccións en galego ou castelán , para realizar as sesións de :

Lectura colectiva – Sempre en alto e de un en un van lendo e perfeccionando os aspectos relacionados coa comprensión, o vocabulario, a entoación, etc.

O tempo de biblioteca- cada nivel dispón dunha sesión semanal dentro do horario escolar para asistir á Biblioteca. Esta sesión aprovéitase para levar a cabo o

Servizo de préstamo - Normalmente cada semana faise cambio de libro , aínda que se pode renovar dependendo da extensión deste. Dun xeito alternativo, para traballar as competencias lingüísticas en galego e en castelán, vanse elixindo os títulos, sempre baixo as recomendacións do titor ou titora que poderá, dende o coñecemento que este/a ten do/da alumno/a, deixar que escolla libremente ou aconsellalo, ou deixar que os seus compañeiros e compañeiras sexan os/as que lle recomenden unha lectura polo seu interese. Polo que o mestre ou mestra, establece o

Diálogo sobre lecturas recomendadas- Trátase de evitar o tan custoso traballo de encher fichas, facer resumos, etc. por parte do alumnado porque dende a nosa experiencia non hai nada mellor que conseguir que eles falen do que leron , que dean a súa opinión, que se pasen os títulos de un/unha a outro/a.

O rexistro das miñas lecturas- Son os mesmos alumnos os que rexistran os datos do libro que escollen nunha ficha informatizada creada para a Biblioteca, e que levan a casa impresa ó remate de cada trimestre ou, como mínimo, ó rematar o curso

9.-Criterios e instrumentos de avaliación da lectura en todas as áreas.

- A metodoloxía empregada
- As actitudes e motivacións do profesorado, das familias e o alumnado
- A idoneidade das propostas desenvolvidas, das actuacións formativas realizadas e dos materiais empregados
- A temporalización das diferentes actuacións. (Para facer este seguimento é conveniente levar un rexistro escrito de incidencias, acertos, etc. das experiencias postas en marcha)

Unha avaliación final que sintetice, entre outros, os seguintes aspectos:

- O progreso do alumnado en relación coa adquisición de hábitos lectores e a mellora da súa competencia lectora, tendo en conta as medidas tomadas, e a incidencia nos resultados académicos.
- O grao de consecución dos obxectivos propostos.
- O grao de desenvolvemento das actuacións previstas e a coherencia e relación entre estas e os eixes de actuación propostos no Plan.
- Grao de implicación dos distintos sectores.
- Participación do profesorado nas accións de formación planificadas.
- Funcionamento da biblioteca
- O grao de interrelación entre as actuacións relativas á mellora da competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector no centro, e aquelas derivadas da posta en marcha de outros plans e programas que se desenvolvan no mesmo.
- No 1º e no 2º ciclo de E.P priorizar a fluidez e a entoación e no 3º ciclo, ademais diso, a velocidade lectora.
- O aproveitamento dos recursos do centro.
- Mellora dos recursos.
- O grao de implicación do profesorado, das familias e dos axentes externos implicados no desenvolvemento das actuacións propostas.
- As estratexias metodolóxicas aplicadas.
- O desenvolvemento das medidas de coordinación.
- O clima lector no centro.
- As actividades de formación realizadas e a valoración das mesmas.

10.-Libros de lectura por niveis.

Itinerarios lectores

❖ **LECTURAS EN GALEGO**

1º	2º	3º	4º	5º	6º
Cóntame un conto Alfonsiño.	A galiña azul.	O dente de Clara	Robinson Crusoe	O misterio do cemiterio vello.	Ti non xogas
A ratiña presumida.	A viaxe do vento pequeno.	O Bosque Animado.	O Misterio dos fillos de Lúa	Escarlatina.Unha cociñeira defunta.	Os soño de Carmen
	Os bolechas educan a Pepiño Chispa.		O espantallo amigo	Quere se-lo mozo da miña irmá?	Diario Laranxa de Morgana

❖ **LECTURAS EN CASTELÁN**

1º	2º	3º	4º	5º	6º
La princesita bombera.	Ríe que ríe.	Mumú	El secreto de Lena	Pesadillas. Aliento de vampiro.	Manolito Gafotas
Margarita Metepatas.	Guillermo y el miedo.	La maravillosa medicina de Jorge	Operación Dragón Amarillo	Charlie y la fábrica de chocolate	Como pez en el árbol.
	Mucky y el ratón Ignacio.	Pulga detective astuto	Agatha Mistery	El asesinato del profesor de matemáticas	La lección de August.

11.-Uso da biblioteca escolar fóra da xornada escolar.

A nosa biblioteca permanece aberta case a totalidade do tempo lectivo , dependendo do horario do profesorado e da súa dispoñibilidade.

Permanece aberta en período extra escolar tódalas tardes, agás, os martes de 16´15 á 18´15. O mestre de garda será o encargado de abrir e pechar a biblioteca, facilitar os préstamos e devolucións dos alumnos , prender os P.c.s para facilitar a búsqueda de información na rede, facilitar a lectura na sala,...

Neste senso, a biblioteca garante o uso da biblioteca como lugar de consulta e estudo fóra das horas de clase.